



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 18 DE XULLO DO 2019.**

**ASISTENTES:**

|  |  |
|--|--|
| <p><b>Presidente:</b><br/>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/>D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández<br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz<br/>D. Ramón José Doval Sampedro<br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego<br/>D. Víctor Reiriz Lampón<br/>D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría<br/>D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos</p> | <p><b>Interventor.:</b><br/>D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario Xeral:</b><br/>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b><br/>-----</p> |
|--|--|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dezaioito de xullo do dous mil dezanove, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

**II.- CONTRATACIÓN.**

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2020 E 2021.**

*Expediente :2019-CESP000001*

Visto o expediente que se tramita para contratar a **Organización da Feira Artesanal e Mariñeira Artemar 2019, con posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021**, cun canon mínimo de licitación anual de 5.219,01 euros.





O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación e tramitación ordinaria, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez na data 27/03/2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 09/05/2019.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante do Concello na data 13/05/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 04/06/2019, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

- 1) Begoña Isorna Lafuente.
- 2) Espectáculos AMB Producciones, S.L.

A apertura dos sobres "A" de documentación administrativa e criterios subxectivos avaliados mediante xuízos de valor (referencias técnicas) realizouse pola Mesa de contratación, na súa reunión da data 05/06/2019, na que se acordou:

*Admitir ás dúas empresas antes referidas á licitación deste contrato.*

*Dar traslado aos servizos técnicos municipais da documentación técnica (criterios avaliados mediante xuízos de valor), para a emisión do informe técnico debidamente motivado tendo en conta os criterios para a adjudicación e a valoración dos mesmos que se contemplan no anexo IV (criterios fase 1ª), do prego de cláusulas administrativas particulares, á vista da documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "A", e todo elo, de conformidade co disposto na cláusula 10 do prego de prescricións técnicas.*

Con data 13/06/2019 o técnico do departamento de cultura Unai González Suárez e a técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez emitiron o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 05/06/2019, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de Contratación, na súa sesión da data 20/06/2019, acordou *outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "A" de documentación administrativa e criterios subxectivos avaliados mediante xuízos de valor (referencias técnicas):*

| Licitador  | Programación cultural (ata 20 puntos) | Decoración (ata 15 puntos) | Postos de venda (ata 5 puntos) | Obradoiros-Talleres (ata 10 puntos) | TOTAL |
|--|---------------------------------------|----------------------------|--------------------------------|-------------------------------------|-------|
| Espectáculos AMB Producciones S.L.<br>(La Fragua de Vulcano) | 15                                    | 9                          | 3                              | 5                                   | 32    |
| Begoña Isorna Lafuente (Iacobus Medieval)                    | 14                                    | 7                          | 2                              | 8                                   | 31    |

Na súa mesma reunión, da data 20/06/2019, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "B" de criterios avaliados automaticamente (ofertas económicas), dando o resultado seguinte:





| Licitador   | Canon ofertado | PUNTOS |
|---|----------------|--------|
| Espectáculos AMB Producciones S.L. (La Fragua de Vulcano) | 8.100,00 €     | 50,00  |
| Begoña Isorna Lafuente (Iacobus Medieval)                 | 6.831,05 €     | 42,17  |

Tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 20/06/2019, a Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 27/06/2019 acordou:

*De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2019, con posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021", do seguinte xeito:*

| Orde | LICITADORES   | Puntuación sobres A | Puntuación sobres B | TOTAL FINAL |
|------|---|---------------------|---------------------|-------------|
| 1    | Espectáculos AMB Producciones S.L. (La Fragua de Vulcano) | 32,00               | 50,00               | 82,00       |
| 2    | Begoña Isorna Lafuente (Iacobus Medieval)                 | 31,00               | 42,17               | 73,17       |

*De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir a empresa "Espectáculos AMB Producciones S.L. (La Fragua de Vulcano)" (CIF: B-96897236) que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O acordo de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 01/07/2019.

Dentro do prazo concedido, a empresa Espectáculos AMB Producciones S.L. con CIF número B-96897236, presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Concello de Riveira na data 12/07/2019 co número 265.

Consta no expediente a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 15/07/2019 (ordinal de tesourería 201 BBVA 0000000182), por importe de 405,00 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 26/06/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta "que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Espectáculos AMB Producciones S.L. con CIF B-96897236."





Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 17/07/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/07/2019.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación e de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 27/06/2019, **adxudicar o contrato da “Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2019, con posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021” á empresa Espectáculos AMB Producciones S.L. con CIF B-96897236, nas seguintes condicións contractuais:**

- **Canon a satisfacer polo adxudicatario ó concello: 8.100,00 euros.**

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO.-** Designar como responsable do contrato a dinamizadora do Parque de San Roque Sandra María Fernández Gómez.

**QUINTO.-** Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





#### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

**1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR MAPFRE POR DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 8809GPC OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UNHA PEDRA QUE SAÍU DESPEDIDA DA DESBROZADORA QUE ESTABAN A UTILIZAR OPERARIOS MUNICIPAIS. Expediente RP/23/2018.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia da entidade **MAPFRE**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

*Primeiro.*- O día 24 de setembro de 2018, o vehículo marca Seat, modelo Ibiza, con placas de matrícula 8809GPC, propiedade de D<sup>a</sup> Francisca Suárez García, con DNI número 52930339W, atopábase na Rúa Canarias, cando, á altura da carpa municipal, bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de desbroce que neses intres estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose a rotura do cristal dianteiro.

*Segundo.*- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/11/2018 co número 16.548, a entidade aseguradora MAPFRE, con CIF número A28141935, representada por don Antonio Edreira Sánchez, con DNI número 76.351.084-P, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 366,91 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do atestado realizado na data do sinistro pola Policía local do Concello de Riveira; factura emitida por "Carglass S.L." polo importe de 248,63 euros; informe da valoración dos danos



#### FIRMANTE - FECHA





sufridos polo vehículo; informe de número de conta bancaria da entidade Mapfre; copia simple da escritura pública de poder notarial a favor de D. Antonio Edreira Sánchez como representante da entidade aseguradora; copia simple do DNI do Sr. Edreira Sánchez; e tarxeta de identificación fiscal da entidade Mapfre.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 13/02/2019 co número 2.012.
- Informe emitido na data 28/02/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 12/06/2019 polo servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da



#### FIRMANTE - FECHA





ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **a entidade aseguradora MAPFRE S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos**, como así consta no expediente coa factura que se achega, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización”*.

Actúa representada por don Antonio Edreira Sánchez, que acredita debidamente a súa representación mediante copia da escritura de protocolización de acordos sociais, autorizada polo Notario de Madrid, José M<sup>a</sup> Suárez Sánchez-Ventura, na data 05/03/2009, co número 493 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Seat, modelo Ibiza, con placas de matrícula 8809GPC. Así se deduce da factura dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos**,



#### FIRMANTE - FECHA





**por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido na instrución do expediente dispónse: *“Si hubo conocimiento del siniestro, adjuntándose copia del informe policial realizado en el día del siniestro, con número de registro de entrada 1389, ratificandome en el mismo. Durante los trabajos de desbroce de un obrero municipal, salta una piedra u objeto contundente impactando en el turismo marca seat modelo ibiza con placa de matrícula 8809GPC. Los daños ocasionados son en la luna delantera tal y como se puede ver en el informe que se adjunta. No hubo ninguna negligencia por parte del conductor. No hay ninguna circunstancia más salientable.”*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 12/06/2019 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *“Que na data 24/09/2018 estiveron traballando na rúa Canarias, realizando labores de desbroce, advertindo que durante as referidas labores un dos operarios que estaba utilizando a máquina desbrozadora, colleu unha pedra que saltou cara o vehículo marza Seat, modelo Ibiza, matrícula 8809 GPC, que se atopaba na zona, batendo contra o mesmo e ocasionándolle danos no cristal da parte dianteira.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Seat Ibiza, con placas de matrícula 8809 GPC, propiedade de D<sup>a</sup> Francisca Suárez García e asegurado na entidade Mapfre S.A. e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Respecto ao *quantum* a indemnizar, estímase en 248,63 euros, que é o importe total dos danos que consta na factura presentada polo reclamante emitida pola entidade “Carglass. S.L.”, sen que resulte demostrado a existencia de danos por unha contía superior á referida na factura citada.

*Por todo o exposto, vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola instrutora do expediente, María Sieira Ríos, de data 12/07/2019 e visto o informe emitido polo interventor municipal, Pablo Bao Castro, na data 15/07/2019, no que o resultado da fiscalización é favorable, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **acorda:***

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por MAPFRE S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 248,63 euros, que se abonará da forma seguinte:** o Concello de Riveira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscriba polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 98,63 euros.

**XI.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación







## XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 200/19, de data 09/07/2019, remitida polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo nº 147/2018, interposto por Gas Natural Servicios SDG, S.A. (GHS), contra desestimación por silencio de reclamacións presentada ante o Concello de Riveira en concepto de facturacións polo subministro de electricidade, emitida e non abonada.

2.- Visto o escrito presentado por Rubén Lijó Santos en representación de **Pegasus Rescue Team**, de data 17/07/2019 (Rexistro de entrada nº 10.339), no que solicita permiso para ocupación da Praza do Concello co camión "Pegasus", o día 21/07/2019 de 18.00 a 23:00 h., co motivo da recolecta de bicicletas para a viaxe ao Sáhara.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a ocupación da Praza do Concello co camión "Pegasus", o día 21/07/2019 de 18.00 a 23:00 h., co motivo da recolecta de bicicletas para a viaxe ao Sáhara.

## CONCESIÓN DE AXUDAS DE APOIO A PROCESOS DE INCLUSIÓN COMUNITARIA PARA COLECTIVOS DE INFANCIA E DIVERSIDADE FUNCIONAL – CAMPAMENTOS DE VERÁN.

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, de data 10/07/2019, na que expón:

*"Que vista a Ordenanza Reguladora das Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Riveira, e segundo o seu artigo 20.1..e) "Axudas de apoio o procesos de inclusión comunitaria poro os colectivos de infancia e diversidade funcional"; e visto que estes reunen tódolos requisitos establecidos na mesma, e considerando ase mesmo que son colectivos (menores e xóvenes con diversidade funcional) de especial vulnerabilidade social,*

### INFORMA

*Que dende o Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, preténdese a inclusión dos nenos/nenas e xóvenes con diversidade funcional, que o longo de todo o ano participan nos Programas que se desenvolven neste Servizo (Programa de Educacindn Familiar, Programa de Inclusión Social da Poboación Xitana, Programa de Inclusión Social da Poboación Inmigrante e xóvenes con diversidade funcional), na oferta de actividades de campamentos de verán, para a pobación infantil e xuvenil dirixido a tódala comunidade de Riveira, nos cales hai unha reserva de 14 prazas para o "campamento de inclusión en Forcarei", 5 prazas para o "Campamento de Respiro Familiar" de grandes dependentes, e 6 prazas no "Campamento Viveiro Dorneiro" en Riveira para cubrir as necesidades lúdicas do colectivo de menores e*

*xóvenes con D. F. derivados do departamento de Servizos Sociais.*

*Con estas actividades preténdese favorecer a convivencia no medio natural, e nun entorno normalizado donde a través das actividades lúdicas e recreativas favoreceran a diversión, esparcemento e relación cos demais, favorecendo o seu desenvolvemento sociopersoal.*



### FIRMANTE - FECHA





O obxectivo fundamental é favorecer a integración e participación dos menores e xóvenes con D.F. en actividades de ocio e tempo libre, así como potenciar aspectos tales como: a comunicación, relacións sociais, creatividade e cooperación.

Orzamento previsto para os ditos campamentos é o seguinte:

| Nome da actividade             | Nº participantes                           | Custo IVE incluído |
|--------------------------------|--|--------------------|
| Campamento de Inclusión        | 14 participantes                           | 150€ x 14=2.310€   |
| Campamento de Respiro Familiar | 5 participantes                            | 448 x 5=2.464€     |
|                                | Transporte a Forcarei dos dous campamentos | 418€               |
| Campamento Viveiro Dorneiro    | 6 participantes                            | 429€               |
|                                | TOTAL                                      | 5.621€             |

Proponse á XGL:

- Que se conceda unha axuda polo importe da actividade dacordo coa ordenanza Reguladora das Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Riveira, segundo o seu artigo 20.1..e)”.

- Os organizadores da actividades facturardn directamente o Concello:

|  |         |
|--|---------|
| "Golfinho, Xestión de Ocio"              | 4.774 € |
| "Ocio Bros"                              | 429 €   |
| Transportes "A. Sarasquete e Hijos S.L." | 418 €”  |

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Que se conceda unha axuda polo importe da actividade dacordo coa ordenanza Reguladora das Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Riveira, segundo o seu artigo 20.1..e)”.

- Os organizadores da actividades facturardn directamente o Concello:

|  |         |
|--|---------|
| "Golfinho, Xestión de Ocio"              | 4.774 € |
| "Ocio Bros"                              | 429 €   |
| Transportes "A. Sarasquete e Hijos S.L." | 418 €”  |

## APROBACIÓN MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Benestar Comunitario, Persoal, Mercados e Consumo, Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 17/07/2019, na que solicita a modificación das Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexen a selección das operacións de Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Riveira “Más Riveira Atlántica 2020” (MRA2020) para identificar as Unidades Executoras (UUEE) susceptibles de iniciar, ou de iniciar e executar aperacións, así como introducir aclaracións respecto do procedemento de selección de operacións a efectos de notificacións e modificación das operacións.

**A Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





**Aprobar** a modificación das Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexe a selección das operacións de Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Riveira “Más Riveira Atlántica 2020” (MRA2020) para identificar as Unidades Executoras (UUEE) susceptibles de iniciar, ou de iniciar e executar operacións, así como introducir aclaracións respecto do procedemento de selección de operacións a efectos de notificacións e modificación das operacións.

**APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (RUTAS EN VELEIRO “RIVEIRA NO CAMIÑO”).**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón José Doval Sampedro, de data 12/07/2019, relativa á celebración da actividade Rutas en Veleiro “Riveira no Camiño”

Visto o informe emitido ao respecto polo interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/07/2019

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**

**1.-** A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

| Participantes           | Ingreso por participante |
|-------------------------|--------------------------|
| 140 (adultos)           | 12,00 €                  |
| 140 (nenos ata 12 anos) | 8,00 €                   |

**2.- Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación deste prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

**FESTA DO PERCEBE DE AGUIÑO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

*Dase conta e lectura á Xunta de Goberno Local dunha proposta do Sr.concelleiro de Turismo e Comercio do seguinte tenor literal:*

**Ramón José Doval Sampedro, Concelleiro de Comercio e Turismo do Concello de Riveira, EXPÓN:**

*A Festa do Percebe de aguiño vense celebrando desde o ano 1.997. Nace co obxectivo de poñer en valor este crustáceo e o traballo dos mariscadores á vez que se dinamiza e impulsa a economía local e o turismo.*





*Esta cita gastronómica ten unha grande repercusión na comarca, na comunidade autónoma e mesmo no territorio nacional. Funciona como elemento de atracción de visitantes que proveñen doutros lugares e serve para promocionar os recursos do municipio.*

*O día 04 de agosto a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño vai a organizar a celebración da XXII edición da Festa do Percebe de Aguiño e xunto co Clube de Remo Náutico de Riveira a "Il Bandeira de Traiñas Festa do Percebe" no porto de Aguiño, para facilitar a execución e o bo desenvolvemento do evento*

#### PROPOÑO

- *Solicitar no seu nome ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.000 m2 nas inmediacións da lonxa de Aguiño para colocar unha carpa, iniciando a montaxe o día 03 de agosto e a retirada o 04 de agosto, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño).*
- *Autorizar a ocupación das inmediacións da lonxa de Aguiño e a explanada para a celebración da Festa do Percebe o día 29 de xullo en Aguiño e para a realización da competición "Il Bandeira de Traiñas Festa do Percebe" o 04 de agosto no porto de Aguiño .*

*En Riveira, á data da sinatura dixital.*

*Asdo. Ramón José Doval Sampedro  
Concelleiro de Turismo e Comercio*

*Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do informe, a Xunta de Goberno, no uso das competencias conferidas pola Alcaldía a través de Resolución de 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros aprobala proposta transcrita quedando convertida en acordo en todos os seus termos.*

#### ACORDO DE MODIFICACION DAS BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESES

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Benestar Comunitario, Persoal, Mercados e Consumo, manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 17/07/2019, na que solicita a modificación das bases da aconvocatoria de expresión de intereses de MRA2020.

**A Xunta de Goberno Local**, pòr unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a modificación das bases da aconvocatoria de expresión de intereses de MRA2020, según o contido da citada proposta.





**APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA, PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) POLO SISTEMA DE MOBILIDADE E POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO, EN DESENVOLVEMENTO DA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018 EN APLICACIÓN DA TAXA ADICIONAL REGULADA NA DISPOSICIÓN ADICIONAL 165ª DA LEI 6/2018 E DO RD 1449/2018.**

**Visto** que por Decreto da Alcaldía do 28/12/2018 resolveuse aprobar a ampliación da Oferta de Emprego Público deste Concello para 2018, que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 27/09/2018, en aplicación da taxa adicional regulada na Disposición Adicional 165ª da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, e en cumprimento do Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, co seguinte detalle:

| <i>Natureza</i>    | <i>Código RPT</i>  | <i>Grupo</i> | <i>Subgrupo</i> | <i>Escala</i>         | <i>Subescala</i>          | <i>Número prazas</i> | <i>Denominación</i> |
|--------------------|--------------------|--------------|-----------------|-----------------------|---------------------------|----------------------|---------------------|
| <i>Funcionario</i> | <i>07.01.00.05</i> | <i>C</i>     | <i>C1</i>       | <i>Admón Especial</i> | <i>Servizos Especiais</i> | <i>1</i>             | <i>Oficial</i>      |
| <i>Funcionario</i> | <i>07.01.00.29</i> | <i>C</i>     | <i>C1</i>       | <i>Admón Especial</i> | <i>Servizos Especiais</i> | <i>1</i>             | <i>Policia</i>      |

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 21 do 30 de xaneiro de 2019 e no Boletín Oficial da Provincia número 4 do 7 de xaneiro de 2019.

**Visto** que por Providencia de Alcaldía de data 05/07/2019, e tendo en conta os artigos 35.4 e 43 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, dispónse que se proceda á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, funcionario de carreira (Código RPT 07.01.00.29), en desenvolvemento da OEP do Concello de Riveira para o ano 2018, ampliada por Decreto da Alcaldía do 28/12/2018, a realizar polo procedemento de selección de concurso e mediante o sistema de acceso de mobilidade.

**Visto** que na data 05/07/2019, e de conformidade co disposto no artigo 16 a) da Lei 4/2007 de coordinación de policías locais, en relación co artigo 6.3 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, remítese por correo electrónico á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior un borrador das bases reguladoras da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, reservada para a mobilidade horizontal.

**Visto** que na data 09/07/2019, emítese informe polo director xeral de Emerxencias e Interior (Rexistrado de entrada na data 10/07/2019 co número 9.947), no que se dispón: *“Examinadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de policía local polo sistema de mobilidade, considérase que son acordos coa Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais (LCPL) e a súa normativa de desenvolvemento, agás no seguinte: **Requisitos para participar:** Tendo en conta que os requisitos de participación no sistema de mobilidade están referidos na Lei, pero tamén no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, sería conveniente que se enmendase a Base 2ª para recoller que os requisitos serán os establecidos no artigo 35.4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de*





*coordinación de policía locais, e no artigo 35 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007. Este informe encádrase no marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, para o establecemento de medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, sen prexuízo de calquera outro criterio fundado en dereito.”*

**Visto** o informe emitido na data 12/07/2019 pola técnico de administración xeral, María Sieira Ríos, en relación ao procedemento de selección: *“Asunto: Informe-Proposta en relación ao expediente administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de Policía Local (reservada para a mobilidade horizontal) en desenvolvemento da ampliación da Oferta de Emprego Público do ano 2018 en aplicación da taxa adicional regulada na Disposición Adicional 165ª da Lei 6/2018 e do RD 1449/2018”, no que dispón: “PRIMEIRA.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia). No presente caso, trátase da cobertura en propiedade, dunha praza de policía local, en desenvolvemento da ampliación da OEP do ano 2018, polo que cómpre ter en conta a normativa específica de aplicación, tal e como dispón o artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: “1. O persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e por esta lei, coas especialidades reguladas no seu título X. 2. O persoal dos corpos de policía local réxese, ademais de pola normativa mencionada na alínea anterior, pola lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica, a cal regulará as demais especialidades do seu réxime xurídico”. A normativa específica na Comunidade Autónoma de Galicia ven constituída pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, recentemente modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, e demais normativa de desenvolvemento, tal e como o Decreto 243/2008, do 16 de outubro ou a Orde do 28 de xaneiro de 2009. A este respecto, o artigo 32 da Lei 4/2007 dispón que: “1. Os sistemas de selección para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local serán acordes cos principios seguintes: a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; b) Mérito e capacidade; c) Publicidade das convocatorias e das súas bases; c) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección; e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver; h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos. 2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria, como mínimo, deben conter: a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, o corpo e, de ser o caso, a escala, ou a categoría laboral; b) As condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes; c) O sistema selectivo aplicable, coa indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos*





méritos; d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial; e) A orde de actuación das persoas aspirantes; f) O réxime aplicable ao órgano de selección; g) As características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas; h) A porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade, de proceder. 3. As convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado, en que aparecerá, en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes. 4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. 5. Por vía regulamentaria fixaranse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública. 6. Os concellos poderanlle solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza. 7. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración. 8. Pódense convocar procesos selectivos conxuntos para o ingreso en diversos corpos ou escalas do persoal funcionario.” O artigo 35 da referida lei recolle que: “1. O ingreso na categoría de policía realizase polo sistema de oposición libre. 2. O modo de ingreso por oposición libre require, ademais da superación das probas selectivas que estableza a convocatoria, aprobar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. A avaliación do curso de formación e o período de prácticas debe restrinxirse aos méritos e ás capacidades profesionais. 3. Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente. 4. Así mesmo, **para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.**” E o artigo 43 da Lei 4/2007, dispón que: “Para garantir o dereito á mobilidade dos membros dos corpos de Policía local de Galicia, reflectido nos artigos 35 e 37 a 42, cando non fose posible cubrir as vacantes coas porcentaxes sinaladas, as fraccións sobrantes acumularanse á seguinte ou seguintes convocatorias.” No caso do Concello de Riveira, dende o ano 2016 ata o 2018 ofertáronse 4 prazas de Policía Local, cubrindo a cuarta praza por mobilidade horizontal. Coa ampliación da OEP do ano 2018, ofertouse unha nova praza de Policía local, como resultado do cumprimento do Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, polo que **en aplicación dos preceptos legais antes referidos o Concello pode reservar esta praza xurdida da ampliación da OEP 2018 para a mobilidade horizontal, xa que a porcentaxe referida no artigo 35.4 antes mencionado (25% das prazas) é unha porcentaxe mínima, podendo reservar para a mobilidade horizontal un maior número de prazas. Enténdese que, neste expediente, cúmprese co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se**



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/09/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2019 15:57:38

DOCUMENTO: 20190400562

Fecha: 18/09/2019  
Hora: 15:54





**aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, así como coa súa normativa de desenvolvemento, de aplicación aos procesos selectivos para a provisión das prazas de policía local. SEGUNDA.-** Cómpre, asemade, ter en conta o disposto no artigo 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, que se entende prorrogada de conformidade cos artigos 134.4 da CE e 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico e que dispón o seguinte: “Uno. 1. La incorporación de nuevo personal en el sector público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas y entidades públicas empresariales, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales vigésima séptima, vigésima octava y vigésima novena respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, estará sujeta a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes. Se exceptúa de lo dispuesto en el párrafo anterior la incorporación de personal que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de los procesos de selección y reclutamiento para la cobertura de las plantillas de militares de Tropa y Marinería profesional fijadas en la disposición adicional décima novena. En todo caso, la oferta deberá atenerse a las disposiciones presupuestarias del capítulo I del presupuesto de gastos. 2. Las Administraciones Públicas que en el ejercicio anterior hayan cumplido los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y la regla de gasto, tendrán una tasa de reposición del 100 por cien. Adicionalmente, podrán disponer de una tasa del 8 por ciento destinada a aquellos ámbitos o sectores que requieran un refuerzo de efectivos, siempre dentro del marco de la estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Este porcentaje adicional se utilizará preferentemente cuando se de, entre otras, alguna de las siguientes circunstancias: establecimiento de nuevos servicios públicos, incremento de actividad estacional por la actividad turística o alto volumen de jubilaciones esperadas. Para las entidades locales, los límites de deuda serán los que fijen las Leyes de Presupuestos Generales del Estado o la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. (...) 5. Para las Fuerzas y Cuerpos del Seguridad del Estado, Cuerpos de Policía Autónoma y Policías Locales la tasa de reposición será del 115 por ciento. (...) Cinco. La validez de la tasa autorizada en el apartado uno, números 2 a 6 de este artículo, estará condicionada a que las plazas resultantes se incluyan en una Oferta de Empleo Público que, de conformidad con lo establecido en el apartado 2 del artículo 70 del EBEP, deberá ser aprobada por los respectivos órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. La validez de dicha autorización estará igualmente condicionada a que la convocatoria de las plazas se efectúe mediante publicación de la misma en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, en el plazo improrrogable de tres años, a contar desde la fecha de la publicación de la Oferta de Empleo Público en la que se incluyan las citadas plazas, con los requisitos establecidos en el párrafo anterior, de conformidad con lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 70 del EBEP.” Neste sentido, tamén se entende que, neste expediente, cúmprese co disposto no artigo 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2018, foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/09/2018, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 189 do 03/10/2018 e no Diario Oficial de Galicia número 213 do 08/11/2018, isto é, antes da finalización do ano 2018. E, a ampliación da referida oferta foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 28/12/2018, tamén







*antes da finalización do ano 2018, aínda que a súa publicación nos boletíns oficiais realizouse a comezos do ano 2019, como consecuencia do cumprimento dos trámites esixidos no Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local. **TERCEIRA.-** O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Riveira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 17/06/2019.”*

**Visto** o informe emitido na data 15/07/2019 polo interventor municipal, Pablo Bao Castro, en relación aos aspectos suxeitos a fiscalización previa, e no que se dispón que o expediente resulta fiscalizado de conformidade xeral, polo que procede a tramitación do mesmo.

*Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido na data 12/07/2019 pola técnico de administración xeral, María Sieira Ríos, e o informe emitido na data 15/07/2019 polo interventor municipal, Pablo Bao Castro, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, acorda:*

**Primeiro.-** Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a provisión en propiedade dunha praza de Policía local, funcionario de carreira (Código RPT 07.01.00.29) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2018, ampliada por Decreto da Alcaldía do 28/12/2018, a realizar polo procedemento de selección de concurso e mediante o sistema de acceso de mobilidade.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

**Terceiro.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**Cuarto.-** Remitir o acordo de aprobación das presentes bases á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, en aplicación do artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

**BASES DA CONVOCATORIA, PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) POLO SISTEMA DE MOBILIDADE E POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO. OEP 2018.**

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2018, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 27/09/2018 e publicada no DOG número 213 do 08/11/2018 e no BOP da Coruña número 189 do 03/10/2018, e da que se procedeu á súa ampliación por Decreto da Alcaldía do 28/12/2018, en aplicación da taxa adicional regulada na Disposición Adicional 165ª da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado





para o ano 2018, e en cumprimento do Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policía locais ao servizo das entidades que integran a Administración Local, ampliación que foi publicada no BOP da Coruña número 4 do 07/01/2019 e no DOG número 21 do 30/01/2019 e réxese polas seguintes normas:

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria garantindo o disposto no artigo 35.4º da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais, modificado pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, o nomeamento en propiedade, a través do proceso selectivo de concurso (reservado para a mobilidade horizontal) entre funcionarios doutros Corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, dunha praza de POLICÍA, pertencente ó cadro de persoal de funcionarios de carreira, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría policía, grupo "C1", Código RPT 07.01.00.29.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

**2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

Poderán participar no concurso todos aqueles que reúnan os requisitos establecidos no artigo 35.4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e no artigo 35 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, concretamente, todos aqueles funcionarios de carreira dos Corpos de Policía Local de Galicia que se atopen en servizo activo ostentando a categoría de policía cunha antigüidade mínima de tres (3) anos.

Ademais do requisito de antigüidade para poder participar no sistema de mobilidade, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española.
- Superar os 18 anos de idade e faltarlle doce anos para pasar á situación de segunda actividade.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

**3ª.- DEREITOS DE EXAME.**

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 16,23 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:





- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 13:30 horas)
- Vía web, no enlace <https://ventanilla.riveira.es/index.php?id=68>, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame**
  - A liquidar: **Grupo C ou asimilado**
  - Observacións: Nome da praza á que se optaMentres non estea habilitada a opción de “pagar on line” os interesados deberán optar pola opción “imprimir recibo” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

#### 4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 13:30 horas en horario de verán, e de 9:00 a 14:00 horas en horario de inverno) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección [maria.sieira.rios@riveira.com](mailto:maria.sieira.rios@riveira.com), co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.

Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- c) Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría.
- d) Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- e) Orixinal ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.





Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

#### 5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP, páxina web e taboleiro de anuncios. As relativas a resolución ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta Convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

#### 6ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web Oficial do Concello ([www.riveira.es](http://www.riveira.es)), no apartado "taboleiro de anuncios".

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web Oficial do Concello ([www.riveira.es](http://www.riveira.es)), no apartado "taboleiro de anuncios".

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

#### 7ª.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se





aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### 8ª.- PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección no sistema de mobilidade será o de concurso de méritos, que consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polos/as aspirantes, de acordo co baremo que se recolle a continuación e determinado no Anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.





Ao ser este procedemento de concurso de méritos o único procedemento empregado, a puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación, adxudicándolle a praza ofertada, ó/á aspirante con puntuación máis alta.

**A. Titulacións académicas.**

- Título universitario de postgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalentes: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

**B. Antigüidade.**

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

**C. Formación e docencia.**

**C.1. Formación profesional continua:**

C.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.





- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

C.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións xa valoradas no apartado A (Titulacións académicas), nin a superación de materias deles.

#### C.2. Docencia:

C.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.



FIRMANTE - FECHA





Os méritos deste epígrafe deberán acreditarse mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

**D. Distincións e recompensas oficiais.**

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

**E. Idiomas.**

O coñecemento doutro idioma distinto do español e do galego, acreditado por certificado de escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

**F. Lingua galega.**

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 4: 1,00 punto.
- Anterior curso de iniciación: 0,75 puntos.
- Anterior curso de perfeccionamento: 1,00 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00 puntos

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

No proceso de valoración poderá recabarse formalmente dos interesados as aclaracións, ou no seu caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

A puntuación obtida por cada candidato publicarase na Web Oficial do Concello ([www.riveira.es](http://www.riveira.es)), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida sucesivamente nos seguintes apartados do concurso:

A) Titulacións académicas; B) Antigüidade; C) Formación e docencia; D) Distincións e recompensas; E) Idiomas; F) Lingua Galega.

2º.- Discriminación en favor da muller, para o suposto de existir infrarrepresentación feminina no cadro de persoal do corpo da policía do concello (RDL 2/2015, do 12 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.



**FIRMANTE - FECHA**







3º.- Orde alfabética de apelidos e nome, dando comezo pola letra que resulte do sorteo anual polo que se determina a orde de actuación das/os aspirantes en todas as probas selectivas que se celebren durante o ano no ámbito da Administración Xeral do Estado, e que se publica no Boletín oficial do Estado.

#### 9ª.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal enviará ao alcalde proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira do Concello de Riveira dos/as aspirantes que, en número non superior ao de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso selectivo. Esta proposta será elevada a definitiva por resolución do alcalde e publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

O tribunal poderá declarar desertar aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso selectivo o número suficientes de aspirantes.

Co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, o alcalde poderá requirir do tribunal de selección, unha nova proposta de nomeamento como funcionario/a de carreira do Concello de Riveira dos/as aspirantes que, en número non superior ao de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso selectivo, cando se produza a renuncia dalgún dos/as aspirantes propostos. Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renunciacións os supostos referidos ós/ás aspirantes dos que se deduza que carecen dos requisitos esixidos nestas bases para ser admitidos no proceso selectivo; ou que soliciten a excedencia de forma inmediata e no mesmo día da súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira do Concello de Riveira.

A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

#### 10ª.- NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008 do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007 e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases a a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo



#### FIRMANTE - FECHA





para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE**

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira**

Don/dona ..... con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificacións en .....

Enterado/a da convocatoria para a provisión dunha praza de POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA POLO SISTEMA DE MOBILIDADE, (Oferta de Emprego Público do ano 2018) e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 2ª da convocatoria.

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 4ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico: ..... e o seu teléfono móbil ..... no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete o seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

**ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.**

**ACHEGAS PARA PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAI. EXERCICIO 2018.**

Visto o **informe** presentado pola **Comisión Avaliadora de Subvencións - Liña Actividades Culturais 2018**, de data 21/06/2019, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais. Exercicio 2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/07/2019.

Vista a documentación que obra no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pagamento de achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais. Exercicio 2018, según o contido da





documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

| ENTIDADE  | CONCESIÓN  | %     | XUSTIFICADO  | ACHEGA  |
|---|------------|-------|--|---|
| ASOCIACIÓN AMAS DE CASA   | 1.324,40 € | 50    | 4.648,80 €   | <b>1.324,40 €</b>   |
| ASOCIACIÓN ALBÉNIZ  | 840,50 €   | 50    | 1.696,01 €   | <b>840,50 €</b>   |
| GRUPO BAILE E MÚSICA TAHUME   | 1.324,40 € | 50    | 2.596,00 €   | <b>1.298,00 €</b>   |
| SOCIEDADE INSTRUCCIÓN FILLOS DE PALMEIRA                              | 1.750,00 € | 50    | 3.403,20 €   | <b>1.701,60 €</b>   |
| COM. RECUP. MEMORIA HISTÓRICA   | 800,00 €   | 50    | 382,50 €<br>(Á vista da documentación presentada o beneficiario non alcanza o 50% do gasto a xustificar) | <b>0,00 €</b><br>(Non cumpre os requisitos para a subvención concedida) |
| ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E VECIÑAL FRANCISCO LORENZO MARIÑO    | 1.926,40 € | 42,81 | 4.643,43 €   | <b>1.926,40 €</b>   |
| SOCIEDADE CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL                              | 1.926,40 € | 44,44 | 0,00 €<br>(Non presenta xustificación de gastos)   | <b>0,00 €</b><br>(Non ten dereito a subvención)                         |
| ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO   | 1.045,00 € | 50    | 1.650,00 €   | <b>825,00 €</b>   |
| CENTRO RECREATIVO DE ARTES  | 1.150,00 € | 50    | 2.302,25 €   | <b>1.150,00 €</b>   |
| ASOCIACIÓN SANTÍSIMO SACRAMENTO DA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE PALMEIRA | 1.384,60 € | 47,59 | 4.060,00 €   | <b>1.384,60 €</b>   |
| ASOCIACIÓN ALBARIZA   | 1.320,00 € | 49,91 | 2.700,00 €   | <b>1.320,00 €</b>   |
| REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA                                      | 1.586,55 € | 50    | 3.179,05 €   | <b>1.586,55 €</b>   |

### CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA ATENDER AS NECESIDADES DO CONCELLO.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 06/06/2019 resolveuse aprobar as bases para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS, a fin de prover as necesidades dos diferentes servizos que conforman este Concello derivadas de acumulación de tarefas, incapacidades temporais, maternidade, paternidade, vacacións e situación análogas que non poidan ser atendidas polo persoal que con carácter permanente presta os seus servizos no mesmo.

As referidas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira, na súa páxina web e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 111 do 13/06/2019.

Segundo.- No Anexo II: Temario das Bases aprobadas advírtese erro no enunciado do Tema 13.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE





- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así o dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso que nos ocupa, advírtese erro no enunciado do Tema 13 incluído no Anexo II das Bases aprobadas, o que se considera un erro material que pode rectificarse en calquera momento, xa que non afecta ao contido xurídico do acto administrativo, nin á súa supervivencia, contido e substantividade.

*Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/07/2019, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:***

**Primeiro.-** Que se proceda a efectuar a oportuna corrección do erro existente no enunciado do Tema 13 incluído no Anexo II das Bases aprobadas, polo que **Onde di:**

*“ANEXO II: TEMARIO (...) Réxime Local. (...) Tema 13.- Os contratos das Administracións Públicas. Clases de contratos: conceptos. Contrato menor. A administración contratante: entidades que forman parte do sector público segundo a Lei 7/2017, de Contratos do Sector Público.”, **debe dicir:***

*“ANEXO II: TEMARIO (...) Réxime Local. (...). Tema 13.- Os contratos das Administracións Públicas. Clases de contratos: conceptos. Contrato menor. A administración contratante: entidades que forman parte do sector público segundo a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.”*

**Segundo.-** Que se proceda á súa publicación nos medios oficiais correspondentes.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

